ABOGADO
LUIS BOUZA-BREY TRILLO
VILLAGARCIA DE AROSA

CALVO SOTELO, 14
TELEFONO, 139

18.V-69

Sr. D. Luis Tobío Fdez.
Madrid.

Meu querido Luis:

Recibín a túa carta onte; hoxe fun ao Hotel e me dixeron que che gardan as duas habitacións, aceitadas conforme aos teus desexos, durante o tempo que ti dis; informáronme tamén que recibirán a túa carta e que che contestarán mañán decíndote isto mesmo. Así que, a carta ca aceitación sirve de seguridade pra vós, como ti querías. En canto recibas sa carta, dimo; pois si non a mandan teño pretexto pra recordarlles que necesitaban mandala.

Así é que, Luis, si non se viran gravemente as cousas, téremoste de hóspede si la parcía no tempo das festas desta vila, que serán, coido, arredor do 15, pois o 16 é San Roque, o noso padroeiro; e ainda que eu non che Son mais festeiro, pra vós, que vides de fora, sempre toparedes algunha novedade: o combate naval pirotécnico, a danza das espadas, as regatas de dornas, o concurso de gaitas e quen sabe o que, pois todo eso é de outros anos atrás.

Dica entón, logo: mellor dito, dica nunha túa carta, decíndome que te chegou a do Hotel, ou que non te chegou, pra eu facelo acordante neste caso.

E no entanto unha fonda aperta. Luis